



Fran Alonso: “Concibo a literatura como exploración, como xeito de experimentación”

[Montse Dopico](#)

28 de xullo de 2018

<https://praza.gal/cultura/fran-alonso-lconcibo-a-literatura-como-exploracion-como-xeito-de-experimentacion>

Que Fran Alonso é un dos escritores galegos que máis xogan coa experimentación con novas formas de comunicación co lector é un feito difícil de poñer en dúbida. Desde hai pouco tempo é, ademais, o novo director de Xerais, tras a marcha de Manuel Bragado. Nunha fase de reestruturación do sector, tras a crise e o cambio tecnolóxico, o goberno galego decidiu ademais aplicar un importantísimo recorte ás axudas ao libro que, segundo Alonso, poden darse por "desaparecidas", polo menos no seu formato de compras de libro para abastecer as bibliotecas. Falamos con el da nova situación de Xerais e dos seus tres últimos libros, *Terraza*, *Estado de malestar* e *Street Poems*.

É un libro de poemas escritos na terraza dun bar. Parece procurar materia poética no cotián...

O libro xorde da observación, do feito de ir eu habitualmente a unha terraza desde a que observo a vida cotiá. Tamén está moi presente nel o paso do tempo, e ademais introduce elementos do fantástico, e mesmo do máxico, que rompen dalgunha maneira esa dureza do cotián, que sobrepasan esa dimensión.

De fondo está a crise, o paro...

Porque é unha terraza que existe, dun barrio de Vigo moi afectado pola crise. Na época na que eu ía a aquela terraza, notábase moito. Mesmo na forma de camiñar da xente. Eu observaba a xente coa mirada extraviada, e non porque estivesen despistados levitando, senón porque non sabían que lugar habitaban naquela situación... Foi un dos motivos que me animaron a escribir este libro: ver aquilo. A crise notábase nas persoas e tamén nos lugares: os comercios... Mesmo a cafetería á que eu ía sobrevivía con moi pouca xente...

O poeta pensa que é un pouco bicho raro, un “exemplar exótico” nunha sociedade “en carne viva”.

Claro, é que nese contexto era doado verse así. Alguén que reflexiona e escribe nunha terraza mentres acontecía todo aquilo, cunha mirada de perplexidade. Sabe que é un pouco bicho raro porque el está alí facendo poemas mentres a xente trata de sobrevivir, nese estado de malestar. Ademais, eu nunca fixera antes iso de escribir nunha terraza. E iso producíame tamén certa sensación de desamparo, de pudor... Conto por exemplo nun poema que estaba un día escribindo a achegouseme unha veciña da que, precisamente, estaba escribindo nese momento. Despois, como che dicía, está moi presente o paso do tempo. O efecto do tempo nas persoas: a xente maior... Mais tamén os adolescentes.

En relación con iso, son poemas narrativos nos que case podemos identificar personaxes. Coma a muller que coida un home maior...

É verdade que eu xoguei a iso con frecuencia e, sobre todo, en *Balada solitaria*. Sempre xoguei a romper a barreira entre narrativa e poesía. Porque o importante é a palabra, o que queremos transmitir, e ás veces a palabra transcende os xéneros.

Tamén se pode ir máis alá do papel a través do código qr...

Introducir o código qr é neste caso un xeito de cita, de autorreferencialidade, que me permite enlazar os tres libros: *Poétic@*, *Estado de Malestar* e *Terraza*. Unha maneira de relacionalos entre si.

***Estado de malestar* é un poemario escrito integramente en twitter. Non sei se hai máis experiencias así na literatura galega.**

Hai un poemario de haikus escrito por Helena Villar Janeiro, que o sacou tamén en papel. O meu xogo era facer 140 poemas de 140 caracteres. Agora xa se poden escribir máis caracteres en twitter, pero entón era así. Escribir este poemario foi un reto. Tiña que escribir diariamente e, aínda que sexan uns poucos caracteres, non era fácil. Moitas veces non atopas o tema, non che sae...

En Francia hai un instituto de tweetliteratura, pero aquí é algo menos presente. Para min foi un xeito de experimentar coas novas formas de expresión que ofrecen as redes sociais. Non sei se iso é o futuro, pero desde logo establece novas formas de comunicación. Do resto, o tempo dirá. Ademais, para min o importante é experimentar, explorar. Concibo a literatura como exploración. Se non a hai, non é para min un reto atractivo.

***Estado de malestar* leva tamén a *Street poems*, partindo ambos quizais de *Poetic@*. Buscar maneiras de ir máis alá do papel...**

Non foi algo que pensase. Xurdiu de xeito natural. Si quixen facer un libro híbrido, no que hai artes que se tocan: a poesía e as artes plásticas. Mais penseino máis ben como un paso máis no que estaba a facer en literatura infantil e xuvenil. A literatura visual na literatura infantil e xuvenil é algo case inexistente, e para min é moi sorprendente. Aos nenos gústalles moito, recoñecen moi ben a poesía visual. Pois, despois de 'O meu gato é poeta', veu *Street art*, que realmente é froito das fotografías que fun facendo, de graffiti e arte urbana, sen saber que ía acabar facendo un libro a partir delas.

Este libro parece reivindicar a poesía como exercicio de liberdade e rebeldía e o graffiti como xeito de poesía. O libro contén definicións da poesía nese sentido. E a reflexión metaliteraria é outra das constantes da túa obra como escritor.

Aí podemos distinguir dúas cousas. A poesía e o grafiiti teñen moita relación. O grafiiti naceu da cultura do hip-hop, un de cuxos elementos é o rap, e a persoa que rapea. É un xeito de poesía e aí se cadra non hai moito que reivindicar. Hai graffitis cunha forza poética extraordinaria. Pero si quixen facer un poemario rebelde, gamberro, coa forza clandestina do graffiti, que non é o graffiti institucionalizado, que non me parece mal, pero o que eu quería era traballar co outro.

O graffiti, e a arte urbana en xeral, pode molestar. Como di Banksy, a arte debería confortar os perturbados e perturbar os confortados. Despois, o que dis da metaliteratura é verdade. Podería dicir que é case como unha desviación, unha obsesión. Tamén ten que ver, supoño, cun espectáculo co que levo moito tempo -debo levar unhas 400 representacións-, que se chama 'A poesía é un globo', no que tento explicar de xeito sinxelo o que é a poesía.

Mudando de tema, despois dos despedimentos en Xerais e de que se anunciase que Manuel Bragado deixaba a dirección, produciuse certa preocupación por se Xerais ía perder autonomía, respecto da empresa da que depende. Hai motivos para preocuparse nese sentido? Vai haber cambios na liña editorial? -Non digo que teñan que ser malos-...

Autonomía non vai perder ningunha. O cargo que eu ocupo é o mesmo que o que ocupaba Manuel Bragado. É verdade que agora somos menos, pero somos un equipo pequeno que traballa ao unísono. Xente que ten moitas ganas de facer cousas, que traballa con moito entusiasmo, o cal é algo que teño que agradecerlles.

Por outra banda, eu levaba moitos anos traballando con Manolo e moitos dos seus proxectos eran tamén proxectos meus, co que non vou chegar eu agora a desfacelos. Mais, claro, cada un ten o seu estilo de dirección e nalgunha cousa o cambio terá que notarse. Estamos nun proceso de renovación de liñas e coleccións que xa se irá coñecendo. Temos un plan editorial ambicioso, a pesar de ser menos persoas. Eu quero fortalecer, por exemplo, o libro do ámbito científico-tecnolóxico, tamén para o nivel xuvenil.

O que pasou en Xerais segue un camiño que empezara moito antes: tamén houbo despedimentos, e desde hai ben tempo, en Galaxia. Edítanse menos libros, con menores tiraxes, varias editoras das máis pequenas -e non tanto- tiveron que pechar... A impresión que dá é que o sector editorial está moi tocado. Que está a pasar?

Si é verdade que a crise deixou pegada. E que houbo editoriais que caeron polo camiño. Todas se viron afectadas: redución do número de títulos, das tiraxes, da facturación. Vivimos nunha fase de cambio tecnolóxico radical e temos que adaptarnos. Mais non todo é negativo. As tiraxes son pequenas, nun mercado máis fragmentado e cambiante, pero iso tamén che permite publicar libros que antes non podías publicar, e reeditar libros que antes non se reeditaban. Tamén a distribución está cambiando, e iso obríganos ás editoriais e traballar con moita antelación. Agora en Xerais estamos cos libros de 2019. Todo isto muda a forma de traballar, as formas de organizarnos, e tamén a estratexia de difusión.

Despois hai outro factor, que é que as axudas públicas desapareceron. Refírome ao que se chamaba axudas para as compras das bibliotecas. Que en realidade non eran axudas. As bibliotecas teñen que comprar libros, non van comprar patacas. Cando se renova o mobiliario dunha biblioteca, ninguén di que son axudas para o sector do moble. Pois o mesmo pasa coas bibliotecas: a Xunta mercaba libros para abastecer as bibliotecas. Agora iso xa non existe, pois é cada biblioteca a que decide o que compra.

En relación con iso e, dado que a política do libro era iso: a Xunta mercaba ás editoras libros para enviar ás bibliotecas -aínda que despois moitos quedaban metidos en almacéns-, quizais se produciron efectos perversos. Sen ánimo de xeralizar, ás veces parecía que non se precisaba facer por vender o libro, porque xa o compraba a Xunta. Quero dicir, que se se compran libros, pero non se trata de crear lectores, temos un sistema cos pés de barro. Que pensas disto?

É un tema complexo. Por unha parte, no mundo no que vivimos, a lectura é cada vez máis imprescindible. Todo o mundo le, aínda que sexa no móbil agardando o bus. Por outro lado, estamos sometidos a un proceso de alienación alfabetizadora, cos cambios que producen as novas tecnoloxías. O lector ten que adaptarse a un novo mundo... E si que é verdade o que dis, que en Galicia non houbo políticas de promoción da lectura, e o que houbo foi anecdótico. Porque para iso precísase un traballo continuado con todos os axentes: bibliotecas, asociacións... E despois outro problema é que non houbo investimento no libro: para melloras, infraestruturas...

Se a Xunta mercaba libros e despois non os distribuía, é responsabilidade da Xunta, claro, non das editoras. Pero o que é evidente é que houbo unha falta de políticas de apoio ao libro. Hai pouco tivemos un encontro de Galeuzca na Coruña e podo asegurarche que o investimento co que contan vascos e cataláns está a anos luz do galego. E despois, claro, a situación da lingua. A porcentaxe de lectores en galego é moi baixa. O libro en galego é moito máis difícil de vender, de mover, de comercializar... Temos moito en contra.